



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: 28º CONCURSO DE POESÍA "CONCELLO DE CARRAL" (2025)

EXPEDIENTE: 2024/A002/000009

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000238

Vistas as bases do concurso de poesía que sinalan :

9.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor ou autora daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao premiado ou premiada, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (rúa de Paleo 17, Carral).

10.- Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán na sede electrónica do Concello de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.

11.- Con carácter previo ao pagamento do premio, comprobarase de oficio que a persoa premiada está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Carral e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio

12.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de explotación da primeira edición. A obra premiada non xerará dereitos de autor da primeira edición. A editorial Espiral Maior será a responsable da primeira edición e distribución comercial do libro gañador.

Vista a proposta asinada dixitalmente polo Técnico de cultura que consta no expediente có seguinte contido:

Asunto: Informe proposta sobre gañadora da 28ª edición do Premio de Poesía Concello de Carral, pagamento do premio e ao xurado.

Expediente: 2024/A002/000009

Don Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de Cultura e secretario do xurado do 28º Concurso de Poesía do Concello de Carral (A Coruña).

INFORMA

1. Que o xurado do 28º Concurso de Poesía “Concello de Carral” reuniuse o 8 de maio de 2025 na Casa da Cultura deste Concello para elixir a obra e autor ou autora gañadora do certame.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2. Que segundo se detalla na acta do xurado, a gañadora do concurso é Branca Trigo Cabaleiro coa obra que presentou co título *Especies invasoras*.
3. Que o 9 de maio de 2025 publicouse o anuncio co resultado do concurso nos taboleiros de anuncios da Casa da Cultura de Carral e na web municipal carral.es.
4. Que segundo o informe emitido pola responsable de Rexistro, non se presentaron alegacións á decisión do xurado no período fixado nas bases do certame.
5. Que para o pagamento do premio de 3500 euros (punto 3 das bases) os datos facilitados pola persoa premiada son:
 - Autora: Branca Trigo Cabaleiro
 - NIF: ***4885**
 - Enderezo: Rúa Aragón 5, 4º drta., Vigo, Pontevedra
 - Teléfono: 722 691 997
 - Correo electrónico: branca.trigo@gmail.com
6. Que feitas as consultas sobre a situación da premiada coa Seguridade Social e coa AEAT, os informes resultan positivos ao non ter débedas pendentes.
7. Que con data 4 de febreiro de 2025 o departamento de Intervención fixo a Retención de Crédito de 3500 € (RC XXVIII PREMIO POESÍA CARRAL) para o pagamento ao autor ou autora premiada.
8. Que por Resolución de Alcaldía (expediente Decreto 2025/G003/000197) nomeouse o xurado da 28ª edición do certame, sendo as vogais con dereito a axudas de custo:
 - Silvia Penas Estévez, DNI ***6254**
 - Antía Marante Arias, DNI ***1930**
 - Armando Requeixo Cuba, DNI ***2377**
9. Que con data 4 de febreiro de 2025 o departamento de Intervención fixo a Retención de Crédito de 750 € (RC DIETAS XURADO POESÍA) para o pagamento das axudas de custo ás vogais membros do xurado.

VISTO O ANTERIOR, PROPONSE:

1. Que se aprobe como gañadora do 28º Premio de Poesía Concello de Carral a Branca Trigo Cabaleiro pola obra presentada co título *Especies invasoras*.
2. Que se lle abone á gañadora do certame o importe de 3.500 euros en concepto de premio.
3. Que se lle abone a cada un dos tres membros do xurado que exerceron como vogais o importe de 250 euros en concepto de axudas de custo.

Visto informe de fiscalización do gasto por intervención e as consideracións nel recollidas.

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente advocando as competencias delegadas na Xunta de goberno local para aprobación do gasto **RESOLVO:**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

PRIMEIRO.-Que se aprobe como gañadora do 28º Premio de Poesía Concello de Carral a Branca Trigo Cabaleiro pola obra presentada co título *Especies invasoras*.

SEGUNDO.-Que se lle abone á gañadora do certame o importe de 3.500 euros en concepto de premio.

TERCEIRO.-Que se lle abone a cada un dos tres membros do xurado que exerceron como vogais o importe de 250 euros en concepto de axudas de custo.

CUARTO.- Dar conta do presente decreto ao pleno municipal , á Xunta de goberno local así como dar traslado do mesmo os servizos de intervención e tesourería aos efectos oportunos con publicidade no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez